



Vista da baía de Wellington (Nova Zelandia).

Abaixo: o científico Nick Mortimer, da revista *GNS Science*.

O coñecemento científico do noso planeta é relativamente recente. Se por primeira vez quedou demostrado que a Terra é redonda, despois da viaxe de Magalhães e Elcano en 1522, a denominación dos continentes non ficou completa ata 1812 verbo de Oceanía e mediados do século XX polo que fai á cartografía da Antártida. Con todo, seguimos a seren escravos do eurocentrismo. Non tanto á hora de deseñar os mapamundi –ao cabo a China e o Xapón sitúan o Pacífico no centro, o mesmo que fan os países americanos verbo do seu continente– senón nas súas denominacións secundarias.

Para moitos de nós, Europa é topicamente “o vello continente” e América segue a ser “o novo mundo”, mentres África é xenericamente “o continente negro”. Estas denominacións esquecen que se hai civilizacións autenticamente milenarias, esas son as asiáticas e que África é o berce da humanidade. De igual maneira, ata a apertura da canle de Suez en 1869, era hipoteticamente posible percorrer desde Xibraltar as costas atlánticas europeas,

seguir polos litorais asiáticos (ártico, pacífico, indico) e desde o Sinaí, dar a volta case completa a África (Ceuta, fronte ao punto de partida).

Daquela, son Europa e Asia, xeoloxicamente falando, dous continentes distintos? Por qué os Urais os separan pero o Karakórum e mais o Himalaia non fan o mesmo verbo do Indostán? Ou o Cáucaso, ás veces europeo e ás veces asiático. Ou América: é un continente ou son dous? Podemos falar de

Oceanía como continente cando a enorme illa que é Australia representa o 90% da súa superficie?

Perante estas cuestións, *GSA Today*, a revista da Sociedade Xeolóxica de Estados Unidos, vén de publicar este pasado abril un traballo en que propón a existencia dun novo continente, Zelandia, cuxas terras emerxentes serían Nova Zelandia –ben distinta da súa veciña Australia– e Nova Caledonia, o 93% do total. Hai diversos elementos que

permitirían definir como continente a Zelandia, entre eles unha masa xeolóxica diferenciada tectonicamente e unha cortiza máis grosa e sismicamente diferenciada da circundante.

Esta gran masa pertencera a Gondwana, o gran supercontinente do que tamén derivaron Australia, o Indostán, Madagascar, África, Sudamérica e a Antártida. A desintegración produciuse durante o Xurásico (hai 185-150 millóns de anos) e completouse hai 60 millóns, cando Zelandia se afastou de Australia. Daquela, aínda sería unha superficie emerxida e pasou a estar baixo o nivel do mar hai 23



En moitas das mitoloxías e cosmogonías que apareceron polo mundo adiante, está presente a lenda ou a lembranza dun lugar que ficou afondado na auga. No marco europeo, temos a Atlántida, illa mítica que ficou no fondo do mar e que Platón situou alén as columnas de Hércules, é dicir pasado o estreito que afasta Europa de África.

Vista co o m o alegoría p o l o mundo clásico e medie-

val, co Renacemento e o Romantismo colleu unha dimensión de existencia verdadeira pasada: Francis Bacon, Jules Verne ou mosén Cinto Verdaguer, que lle dedicou un poema monumental (1877) en catalán que Manuel de Falla adaptou como cantata e que Ernesto Halffter completou (1976). Tamén foi obxecto do inte-

rese da teósofa madame Blavatsky (tan admirada por Risco), interese que pasou á Sociedade Thule e Himmler, impulsores do misticismo nazi.

Galiza non foi allea a estas lendas e así ficou reflectido na súa literatura. Lembremos Duio (Fisterra), cidade mítica para Vicetto e Murguía. Ou, máis real agora, a lagoa de Antela –desecada en 1956 e con auga

Mitoloxías e cosmogonías

de novo despois da extracción de áridos– que gardaba no seu seo, seica, a máxica cidade sulagada de Antioquía, cuxas campás soaban na noite de San Xoán. Como disque tamén sucedía na lagoa sanabresa de Lucerna, onde Cunqueiro puxo o mosteiro das sereas gregas –dona Teodora entre elas– en *Merlín e familia*.

millóns de anos.

Non é este o primeiro estudo sobre o asunto. Xa en 1995, a denominación foi proposta por un profesor da universidade de California (Santa Barbara), Bruce P. Luyendyk, cuxos estudos actuaron como catalizador deste da GSA. Para que Zelandia sexa recoñecida como continente será necesario o consenso científico xa que non hai ningún organismo homologador de continentes. Polo momento, un equipo formado por 32 científicos de 12 países está na zona no barco Joides Resolution, do Programa Internacional de Descubertas Oceánicas. A súa función e perforar o fondo mariño para obter mostras de sedimentos e rochas.

Pero máis alá de que Zelandia sexa finalmente recoñecida como continente, a súa importancia radica en ser un arquivo da historia da Terra grazas aos seus sedimentos. Un dos obxectivos das análises previstas é coñecer cando se afondou e a causa de que. Un dos pescudadores da expedición do Joides Resolution, Rupert Sutherland, explicou que aínda están a estudar materiais da campaña de 1971. Polo menos, para os investigadores queda o consolo que, grazas ás exploracións por satélite, non hai outros continentes sulagados.

Continente Zelandia

Baixo as augas do Pacífico

JOAQUIM VENTURA